

manuel maría, a palabra viva



Eu son Manuel María



Ana Pillado

Carné de identidade

Eu son Manuel María.
Nacín no 29, o 6 de Outono,
en Outeiro de Rei da Terra Chá.
Son dunha caste rexa de labregos
fieles á súa terra e ao seu Deus.

Agora son un namorado.

Eu son Manuel María,
cantor da Terra Chá que algunhos din.
Cantor da terra chá que leva un
clavada nas entrañas, penso eu.


Eu son Manuel María,
labrego con algo de poeta.
Por eso gardo as albas
no fondo dos meus ollos
e ando de vagar o meu camiño,
e pídolles ás cousas a súa tenrura
e aos homes pídolles verdade.

Non teño máis tarefa:
son unha humilde folla que salaia
na noite escura movida polo vento.
Eu son Manuel María,
un son tan só, lonxano e feble.



Xabier Pousa

Documentos persoais, 1958





Xaquín Marín

Eu amo a Terra Chá, sempre tan miña

Son numerosos os escritores que na nosa literatura se asocian a unha determinada paisaxe: Novoneyra e O Courel; Avilés de Taramancos e O Barbanza; Pondal e Bergantiños; ... e, por suposto, Manuel María e a Terra Chá:



“A Terra Chá para min é todo. A terra na que nacín e na que me gustaría vivir e morrer. Para min é a mellor terra do mundo; o Edén. Sintome feito da terra da Terra Chá: dela procede o aire que respirei, o cal dos meus ósos, a arxila que forma o meu corpo... Seime un pequeno anaco da Terra Chá animado e feito home.”



“Un día nunha viaxe desde Duteiro de Rei ao Miño vin o libro. Vín claramente. O libro das paisaxes. Despois o impulso verdadeiro veu dado cunha lectura moi atenta de Novoneyra e eu mesmo dos versos”.

Manuel María

“Iste libriño, Terra Chá, non desmerez dos outros do poeta. Muíñeiro de brétemas ou Morrendo a cada intre. Quizaves os millores por un xeito máis puro de sentir i espresar as cousas. Unha fontela de auga cristalíña que remanez dunha fenda do monte. Ó rematala súa lectura, cuidamos que é Manuel María un dos máis esgrevios segreles novos da terra luguesa, que conta con poetas mozos tan interesantes coma Luz Pozo Garza i Uxío Novoneyra. E non somentes da terra luguesa, senón de toda Galicia”.

Roxel Fata, outono de 1953

Poemiña do señor Regato do Cepelo

Nunca tiveche unha arela
de tan humilde e sinxelo:
- meu regato do Cepelo,
das Regas ou da Barciela!

Malia o teu nome sonoro,
eres regato e non río:
jo teu caudal tan esguío
nunca encherá un encoro!

Mais dices con xentileza,
leve vea rumorosa,
unha canción misteriosa
dunha asombrosa beleza.

Se eu te chamo: ¡señoría!,
breve cantor xogoral:
¡ti non mo tomes a mal
que é proba de cortesía!

Terra Chá, 1954



Regato do Cepelo

Unha biografía poetizada

En 1943, a morte prematura do pai implicou grandes cambios na vida de Manuel María e de toda a familia:

“A morte de meu pai supuxo unha grande tronzadura da familia. A miña nai quedou ó fronte de todo, axudada por dous curmáns do meu pai, que eran os Reguela...”

Será un tío paterno, don Xosé, home de igrexa e culto, quen se encargue da formación e estudos de Manuel María na cidade de Lugo, exercendo grande influencia na súa personalidade.



“Para SALETA despois de tantos anos sempre nidia Labarada estremecida”

Dedicataria do poemario Poemas da Labarada estremecida, 1981

Sei dun país...

Sei dun país que existe e non existe:
é unha patria terreal e humana
que envellece comigo día a día.
Teño na lembranza o seu recendo
a terra húmida, rosas e loureiro.
Habito as súas cidades exemplares
feitas de amor, dor e pedra gra
con árbores e rúas silandeiras
que van desembocar a prazas íntimas
de nomes de estrela ou andoriña.
Nos meus ollos levo as súas paisaxes,
a máxica xeometría das súas casas,
o seu ceo limpo, azul-grisento,
sucado de leves nubes camiñantes,
de brétemas vagas como anceios
e luceiros que queiman como brasas.
Nos meus ouvidos gardo o son sutil
do vento cantando nos carballos,
o musical murmurio dos seus ríos,
o berro escuro e forte dos seus mares
e os versos que din as arboredas.
Esa patria existe. Eu vivo nela.
Non ten odios, rancores nin envexas.
Nunca souben, nin sei, o nome seu.
Mais cando desexo nomear a este país
os meus beizos énchense de luz
e, dende o fondo do ser, digo: SALETA.

O camiño é unha nostalgia, 1985

Verbas a miña nai

Digoche agora, nai, estas razóns
porque quero voltarche
aquelas verbas doces como o mel
que aprendín dos teus beizos
cando neno.

¡Non teño, nai, a túa tenrura!

Eu, que ando empeñado
en ser poeta,
non teño verbas
doces,
sinxelas,
claras,
amorosas
como as verbas
con que ti me arrolaches,
miña nai.

Cecais sexa tolemia
este tentar apreixar verbas amantes
para che facer con elas un cantar.

Cecais
a vida pobre que vivín
me secou a fonte da tenrura
e por iso estas verbas
son secas como seixos.

Xa ves:
non teño verbas
pero teño
un salouco que me enche todo o peito.

Mar Maior, 1963



■ Cos seus pais e irmáns

As tertulias de época

A palabra, oral e escrita, constituíu en Manuel María un valor en alza como instrumento de relación cos seus antergos, cos seus contemporáneos e tamén co futuro.

Manuel María foi, desde moi novo, con apenas dezanove anos, fiel ao espírito da conversa e da comunicación a través das tertulias como a do café "Méndez" en Lugo e a do "Español" en Santiago, auténticos foros de debate, análise e reflexión entre Manuel María e os seus contemporáneos: Luís Pimentel, Carlos Maside, Ánxel Xoán, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro...



■ Con Ernesto Cardenal na Librería Niztral

Os vellos cafés

Lembro, con nostalxia, os vellos cafés de espellos enormes, fríos como a lúa e un pouco deturpados, con manchós nos que se podía extraviar a fantasía e cómodos divás forrados de veludo, grandes fiestras, románticas terrazas e atentos camareiros serviciais, amigos certos, parciais dos clientes igual que o recadeiro e o limpabotas. Vellos cafés, amados dos poetas, dandis, busca-vidas, bohemios, nugallás e grandes faladores. Estes cafés engaiolantes, cheos de fume de tabaco, chamábanse: Derby, Méndez Núñez, Caravela, Miño, Galicia ou Español. Eran íntimos, amplos, silandeiros pese ao seu runrún como de abellas. A eles concurrían mociñas casadeiras baixo a avisada tutela das súas mais, xornalistas, indianos, matrimonios, inventores, trinufadores, fracasados, viúvas, funcionarios, pensionistas e as sagradas tertulias rituais. Os cafés eran, un moito, a propia casa: alí escribíanse versos, longas cartas, líase o xornal, discutíase, fumábase, tomábanse cafés, copas, chocolate. ¡Vellos, íntimos, fermosísimos cafés nos que se podía gastar toda unha vida!

Versos do lume e o vagalume, 1982



■ Na tertulia do café Méndez Núñez de Lugo

"As tertulias foron moito máis que lugares de conversa intranscendente ou superficial. A través delas estableceuse unha canle de comunicación coa Galiza do exilio que permitiu manter unida, a pesar da distancia física, aos intelectuais galegos que tiveran que exiliarse cos que quedaron e coa nova xeración de poetas, narradores, pensadores e artistas que iniciaba a súa andaina polos difíciles e complexos camiños da nosa cultura daqueles anos cincuenta da dura posguerra"







Camilo Gómez Torres, Manuel María: os traballos e os días

O universo de Xistral

A referencia do vocábulo “Xistral” con Manuel María aparece en diferentes momentos da súa vida. O primeiro encontro aconteceu na súa mocidade, pois foi na revista denominada Xistral onde apareceron editados os primeiros poemas en galego de Manuel María no ano 1949.

A finais dos anos 60, Manuel María toma contacto coa editora musical barcelonesa EDIGSA e crean un selo discográfico conxunto chamado Edigsa-Xistral. Este proxecto comezou a súa andaina musical coa edición de *Poemas ditos coa súa voz*, que Manuel María gravou en Barcelona en 1968. A excelente acollida deste disco no mercado galego posibilitou a saída de discos de Voces Ceibes e outros cantautores galegos representantes do movemento musical de renovación coñecido como “Nova Canción Galega”.

En 1970 Saleta e Manuel María retoman o nome de Xistral para identificar a librería que abren en Monforte de Lemos, lugar onde traballaba Manuel María e onde viviu a parella moitos anos. Unha librería que estaba chamada a se converter no grande centro sociocultural de referencia de todo o país. Moi pronto poñen en marcha a Editorial Xistral, que publicará uns doce volumes na colección Val de Lemos e onde se deron a coñecer distintos autores de prestixio das nosas letras.



Manuel María e a política

Manuel María participou activamente na vida política galega, sempre no nacionalismo. Comezou nos anos 60 militando na UPG, despois na AN-PG e, finalmente, no BNG. Presentouse como candidato a diferentes eleccións, sendo elixido Concelleiro polo BNG no Concello de Monforte de Lemos. Foi un dos poucos escritores galegos que converteu a súa militancia política en materia literaria, no seu poemario *Poemas para construír unha patria*. Nunca faltou á reivindicación do Día da Patria Galega en Santiago o 25 de xullo.



■ Nun acto político da AN-PG

Día da Patria Galega

Día da Patria Galega
o vintecinco de Xulio.
¡Lembramos a Castelao,
a Reboiras e o Medulio!

Os Irmandiños e Bóveda
van no noso corazón
coas inxustizas e aldraxes
que sofre a nosa nación.

Lembramos os emigrantes,
víctimas desa inxustiza
de ter que ir gañar o pan
a moi lonxe de Galiza.

Toda a patria é un tremor
dendes do mar deica a serra.
¡Vai de Tui a Ribadeo
e do Caurel a Fisterra...!

Coa nosa bandeira ao fronte
non hemos retroceder.
¡Galiza ten que ser ceibe!
¡Temos, irmaos, que vencer!

O vintecinco de Xulio
é a data máis fermosa:
¡Festa nacional galega
e Día da Patria nosa...!

As rúas do vento ceibe, 1979

Poema/símbolos/herencia

Os símbolos que nos legaron
os nosos pais e que

a eles
lles transmitiron os avós
e estes recibiron,
á súa vez, dos bisavós
son ben sinxelos:

a fouce
que forxou e templou
Rosalía,
que afiaron
Pondal/Curros/Cabanillas,
que usaron os agrarios.
E unha bandeira
-a nosa-

azul e branca.
Nós recollemos, con amor
e paixón, estes símbolos
e deixáremosllos un día
aos que veñan detrás,
enriquecidos
coa espiral que significa
luz/vida/irmandade,
PATRIA LIBERADA
e estrela vermella/ popular
hoxe guía na terra
e mañá sol/socialista
a brillar sobor
da nosa nación ceibe
nun próximo
PORVIR-QUE-SE-OLLA-VIR.

Poemas para construír unha patria, 1977



Bibliografía

Manuel María deu para a historia da literatura galega un corpus literario e xornalístico xeneroso e rico, cualitativa e cuantitativamente. Mesmo aínda ficaron inéditos algúns poemarios. Mais a súa escrita non puido ver a luz sempre de xeito inmediato, senón que foron moitos os atrancos que houbo que superar en momentos históricos de censura e persecución, o que supuxo que algúns dos seus libros tivesen que agardar longos anos a ser publicados. Isto explica tamén que Manuel María se recrease moitas veces en alcumes, ben sexa motivados por razóns de seguridade diante da represión franquista (Xoán Esteiro López e Xohán Carneiro), ou ben por razóns localistas (F. Maside Goián) ou por motivacións literarias (Paio Xordo, Pepe da Costa, Manuel de Paderna, Manuel Hortas Folgueira...). No campo xornalístico, de todos os heterónimos empregados, o que máis fortuna tivo foi o de M. Hortas Vilanova.

Clasificación da obra



Mulheiro de brétemas	1950	
Morrendo a cada Intre	1952	Contos en cuarto crecente
Terra Chá / Advento	1954	
Libro de cantigas	1955	
	1957	Auto do taberneiro
Documentos persoais	1958	
	1960	Edipo
	1961	Auto do labrego / Auto do marifeiro
	1962	Contos en cuarto crecente e outras prosas
Libro de pregos	1962	
Mar Malor	1963	
Versos florecidos en louvanza de Foz	1967	
Proba documental	1968	Barriga Verde
Versos para cantar en feiras e romaxes	1969	
Versos para un país de minifundios		
Canciós do lusco ao fusco / Remol	1970	
	1971	O xornaleiro e sete testemuñas máis
Odes dun tempo de paz e de alegría / Os soños na galola	1972	
Informe para axudar a alcender unha cerilla	1973	Kricol, Fanoi e D. Lobonís
Lalo e clamor pola Bretaña		Auto da costureira
Aldraxo contra a xistra		
Cantos rodados para alleados e colonizados	1976	
Poemas ao Outono / Poemas para construír unha patria	1977	Auto trascendental do ensino tradicional (restreada en 1977 e aínda inédita)
O libro das baladas	1978	Semente de dramón dos medios de comunicación
		Auto dos simulados da caravilla
As rúas do vento ceibe / Catavento de neutrós domesticados	1979	Aventuras e desventuras dunha espíña de toxo chamada Berenguela
	1980	Auto da autonomía
	1981	
Poemas da labarada estremecida		
Versos do lume e o vagalume	1982	Auto do malo esmalado
Escolma de poetas de Outeiro de Rei		
A luz resucitada / Cantigueiro do Orcellón	1984	
O camiño é unha nostalxia	1985	Auto do camifante
Ritual para unha tribo capital de Concello	1986	Entremés da OTAN
Oráculo para cavaliños do demo		Auto do pescador de cana
	1987	Andando a Terra (De 1977 a 1987)
Sonetos ao Val de Quiroga / As lúcidas lúas do Outono	1988	
Saturno	1989	Abril de lume e ferro
	1990	Os ontes do silencio
Compendio de orballos e incertezas	1991	Paso do viño novo / Brevisimo auto do outono / Farsa
Canconeiro de Monforte de Lemos		A tribo ten catro ríos / Cando apareceu a Atlántida e desapareceron os lagartos / Unha sombra vai polo camiño
	1992	Farsa de Bululú / A lúas vai encoberta / Unha vez foi o trebón
Panxoliñas		Auto do Castromil ou a revolución dos baúles
		Novo entremés famoso da pesca do río Miño
		Cando o mar foi polo río
Poemas a Compostela / A Primavera de Venus	1993	Auto do regato do Cepelo / Auto de D. Galferos ou o tránsito iluminado
Poemas para dicirle a dúas lagoas	1994	Viaxes e vagancias de M.P
Cantigas e cantos de Pantón		
O Miño canle de luz e néboa	1996	Homes, feltos e palabras
Sonetos á casa de Hortas	1997	
Camiños de luz e sombra / Brétemas do mulheiro	2000	
Obra poética completa (1950-2000)	2001	Historias do empardecer / O bigote de Mimí
	2002	Colaboracións en <i>El Correo Gallego</i> (De 1988 a 2002)
Elxías á miña vida pequeniña	2004	Ensaio histórico biográfico e filosófico que parece un conto

A voz máis caudalosa



Poesía

Máis de
50

Libros publicados

As árbores desnúdanse amodiño, derramando, a bocados, un tesouro: follas de prata, recamadas de ouro, nun solpor alampado e mareliño.

As follas que se xuntan no camiño ollan nubes dun chumbo case mouro e o marmurio do río faise estouro, blasfemando da morte e do destiño.

Tal como unha árbore estoume espindo e deixo transparente esta paisaxe de Outono melancónico e cincento.

Seméllome ao carballo. Vou sentindo a alma como se fora unha ramaxe loitando encoraxada contra o vento.

Poemas ao Outono, 1977



Teatro

Máis de
20

obras de teatro

FOLLA DE CARBALLO: Son a Folla de Carballo agarimada do ar. A leve pinga de orballo sobre min se vén pousar.

ESPIÑA DE TOXO: Eu son a Espiña de Toxo, espiña de toxo arnal. Anque teño cara de fera nunca fixen ningún mal.

FOLLA DE CARBALLO: Feridora, fera, mancas ao ar co teu xeito de agulla. As andoriñas foxen de ti. Eu son mol. Doulle pousada aos paxaros.

ESPIÑA DE TOXO: Teño feitura de toxo porque así son máis delgada. Só por iso.

FOLLA DE CARBALLO: Todo o mundo che ten medo.

Aventuras e desventuras d'na espiña de toxo chamada Berenguela, 1979



Narrativa

15

Libros publicados

“Codiña de Pan e Queixo”

Codiña de Pan e Queixo ao saír da súa casa encendía un cigarro grande como un auto de línea. E paso tras paso, de vagariño, tirando despaciosamente do seu cigarro, saía á Avenida da Coruña. Ao chegar a Porta de San Fernando seguía pola Ronda da Muralla até chegar á porta da Estación de onde saían e entraban os autos de línea fronte ao popular e famoso “Café Metropol”. Nesa parada tiñan a administración os que fan ou viñan de Santiago de Compostela, Ribadeo –pasando por Mondoñedo e Vilalba-, Ourense e algúns máis. Codiña de Pan e Queixo exercía a profesión de “maleteiro” –ou “mozo transportador de equipaxes e bultos”– aínda que polo seu aspecto semellaba un labrego acomodado que vivía das rendas dos seus eidos rurais.

Historias do empardecer, 2003



Journalismo

1.425

artigos

“No centenario do pasamento de Rosalía”

No ano en que andamos é o do centenario da morte de Rosalía, como todo o mundo sabe. O oficialismo do país conmemora a data con discursos baleiros e cunha faramalla retórica anacrónica e triste. Con palabras que non fan compañía, como diría Salvador Espriu, tan devoto leitor de Rosalía. Toda a algarabía, pagada co diñeiro dos galegos, quedará en fume de pallas. En inútil oquedade sen senso.

O oficialismo en Galicia, honradamente e no fondo da súa conciencia, non asume nen a persoa nen a obra de Rosalía. O que é perfectamente lóxico. Hai versos rosalianos totalmente anticonstitucionais. E eso non se traga, aínda que abran ben a boca.

Manuel Horta Vilanova, Andando a Terra, 1977-97

Estudos

30

estudos

Actividade cultural

900

actos

Traducións

11




idiomas

bretón, catalán, español, euskera, flamenco, francés, holandés, húngaro, inglés, ruso e versións ao portugués.

En galego no mundo

Manuel María non só é un referente literario para os lectores galegos e galegas de diferentes xeracións. A súa obra foi recoñecida e prestixiada alén das nosas fronteiras, o que o converteu nun dos autores galegos máis traducido a diferentes idiomas (castelán, catalán, euskera, francés, bretón, flamenco, húngaro, inglés, portugués, ruso, ...), ben se tratar de obras íntegras ou de poemas soltos ou contos en diferentes xornais e revistas especializadas.

En Manuel María confirmamos o nacemento dun escritor universal sen perder nunca a súa identidade propia nin a lingua que a conforma, o galego.



Sempre na lembranza dos máis novos

A obra literaria de Manuel María sempre resulta dunha grande clareza expresiva para todos os públicos. A comunicación entre o eu lírico e o lector está asegurada. No entanto, Manuel María tamén quixo falarlles aos nenos e nenas galegas e contarlles a súa visión do mundo do presente que con eles compartía ("O televisor", "O semáforo", "Escola", "A natureza", "Motos", "Astronauta", "A electricidade", "Poemiña para namorar unha rosa", "Día da Patria Galega" ...), mais tamén aqueloutros feitos históricos que aos máis novos nos cumpría coñecer, pois formaban parte das vivencias dos máis vellos ou dos xa desaparecidos ("O Medulio", "A revolución irmandiña", "O Mariscal Pardo de Cela", "As Irmandades da Fala e o Estatuto de 1936" ...)



Carta aos nenos que poden servir de prólogo a este libro

Moi queridos nenos:

Velaquí o meu segundo volume de versos para nenos galegos. Tíña que ser. Este servidor, con case medio século ás costas que me florea nas barbas, sentiuse na obriga e sobor de todo na necesidade de escribir de novo para os nenos. Para todos os nenos galegos e dun xeito particular para os nenos da cidade, un tanto esquecidos no outro meu libro para rapaces, *Os soños na gaiola*.

Nos versos deste libro quixen contar dun xeito elemental, sinxelo e esquemático o que é Galiza, o que foi Galiza. E alcender en vós –que sodes o porvir– a chama dunha esperanza para que fagades a Galiza do futuro: unha patria ceibe e popular.

Posibelmente que alguén diga que o presente libro ten certo didactismo. É verdade. Coido que a poesía que non nos ensine algo –o que sexa– non é poesía. Se estes poemas, sinxelos e simples, vos deprenderan a amar a nosa patria Galiza, este voso vello amigo sería o home máis feliz do mundo.

Moitas gracias unha vez máis.

MANUEL MARÍA
Monforte de Lemos, Outono, 1978

NOTA DO AUTOR:

Este libro está concebido para que, a partir dos versos, o mestre/a lle explique aos seus alumnos o que é Galiza. Os versos do apartado "A patria" tratan dos elementos que caracterizan á nacionalidade galega. O derradeiro apartado, "Os héroes", é un sinxelísimo resumo da historia de Galiza.

Reprodución do prólogo ao libro *As rúas do vento ceibe*, 1979



"Eu andei por case todas as escolas de Galiza e resulta, como se di agora, moi gratificante. Teño experiencias moi boas de diálogos moi agudos, máis incluso que con universitarios".

Manuel María


"Houbo un tempo non tan lonxano en que os ensinantes non contabamos con máis poesía para traballar na escola que *Os soños na gaiola* e *As rúas do vento ceibe*. Moitos nenos e nenas aprenderon ritmo, rima e até métrica coa obra de Manuel María; con ela fixemos obradoiros de estimulación da linguaxe en Educación Infantil, animación á lectura na Educación Primaria, obradoiros de creación poética na ESO..."

Ma José Braun, ensinante



Manuel María dedicando *Os soños na gaiola* a varias rapaces

Sei o que vale un verso



O escritor galego

“O escritor galego debe escribir, en principio, para os galegos e coa mentalidade posta no seu país e non en Madrid. Se despois veñen as traducións, mellor que mellor. Entendo que algúns non se identifican co país nin coa súa cultura, aínda que empreguen o idioma. Escriben coma se a situación de Galicia estivese totalmente normalizada. Isto non quere dicir, de ningún xeito, que o escritor galego se teña que pechar ás culturas e ás novidades que se dan polo mundo. A literatura galega cómpre explicala e entendela dende unha óptica propia e non como un apéndice da española ou un subproduto de escolas e de modas, tal como veñen facendo críticos e historiadores. Se a nosa cultura non se explica dende a realidade socio-político-cultural do noso país, non se entende absolutamente nada.”

José M. del Caño, Conversas con Manuel María



Poema contra o silencio

Compre loitar contra o silencio;
é preciso, urxente e necesario
rematar co silencio dunha vez,
recobrar as palabras

unha
a

unha,

facer con elas proclamas e cancións,
primaveras de soños e de esperanzas,
coiteladas de luz,

voz verdadeira
que oblige a camiñar á nosa patria.

Poemas para construír unha patria, 1977



O poema

Un poema é un ser vivo que anda,
respira, soña, chora, salouca,
ama, berra, cintila e escurece,
cala, aborrece a mentira,
sente odio e tenrura, desángrase,
fala de intimidade a intimidade
coas cousas e coa xente, suxire
mundos posíbeis e imposíbeis,
súa, cansa, sofre sede e fame,
adoece, agoniza.
E nunca morre.

A luz resuscitada, 1984

Poemas á patria

A obra literaria de Manuel María é extensa, rica e variada, tanto desde o punto de vista xenérico (poeta, narrador, dramaturgo, xornalista, ensaísta...) como desde o punto de vista temático: a paisaxe, o intimismo, o amor, a defensa das clases populares galegas, a natureza, a reivindicación da lingua, etc.

O elo de unión de tanta diversidade é o seu amor por Galiza. Estamos perante un escritor comprometido coa súa terra e co tempo que lle tocou vivir, que compartiu a palabra co seu pobo.

Eis a razón pola que se dirixía sempre a un "vós" (galegas e galegos) e tamén o motivo polo que participaba en calquera acto (conferencias, pregóns, romarías, brindes, poemas ou pezas dramáticas de encarga) que servise para dignificar a súa patria e a súa lingua.



Participando nun mitin do BI-PG

Galiza

Galiza docemente
está ollando o mar:
¡ten vales e montañas
e terras para labrar!


Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos
¡cargados de traballos,
cargados de trafegos!

Galiza é unha nai
velliña, soñadora:
¡na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

Galiza é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
¡Pro hai outra Galiza
que vai no sentimento!

Galiza somos nós:
a xente e máis a fala
¡Se buscas a Galiza
en ti tes que atopala!

Os soños na galola, 1972



Non estou nun mundo de revelacións

Estou cos meus,
co meu pobo de labregos,
de mariñeiros e emigrantes:
como o seu pan,
bebo o seu viño,
falo o seu idioma secular.
Este é o único xeito
de estar co pobo:
compartindo a palabra
que nos xungue e nos salva.
(Non comprendo como
se pode estar co pobo
desprezando a súa fala.)
Soio a fala popular
-patria común,
fogar de todos-
pode gardar a sinxeleza,
a claridade destes meus versos
feitos para que
batan e furen
no corazón da miña xente.

Versos para un país de minifundios, 1969

Home do seu tempo

A ollada de Manuel María nunca escapou da realidade que viviu o pobo galego, nin durante o franquismo, nin na recente democracia. A través da súa obra podemos percorrer moitos dos conflitos sociais ocorridos en Galiza na segunda metade do s. XX. A súa voz sempre do lado das clases populares, dos oprimidos, dos que sufrían a historia: dos que padecían unha penuria económica que os obrigaba a emigrar; dos agredidos por un capitalismo feroz que acababa cos recursos naturais do país, dos que falaban unha lingua marxinada e desprezada, etc. De aí que moitos dos seus poemas fosen censurados e boa parte da súa obra non puidese publicarse.



Bando

Prohíbese, por orde da Alcaldía, que medren porque si as rosas do xardín municipal. Dende agora as pombas teñen que pedir licencia para voar. Prohíbese á lúa andar ceiba de noite polo ceo. A lúa é unha tola que anda espida dando mal exemplo ás nenas castas e aos fillos de familia. Pagarán trabucos os poetas. Prohíbese soñar de 10 a 11. Prohíbese tamén derramar bágoas. Pódese chorar tan só cando hai sequía para que non fiquen baleiros os pantanos. Un só se pode emocionarse os Xoves e Domingos cando toca a Banda do Concello no quiosco. Están fóra de Lei as estrelas, a Primavera, as flores e os paxaros. Dáse este bando en tal e cal para que se cumpra de orde do Alcalde. Asinado, carimbado e rubricado.



■ Ha homenaxe aos fusilados no Campo da Reta da Coruña

Documentos pessoais, 1968



■ Encoro de Castelo de Miño

¿Por qué razón erguerían o embalse naquel lugar...? ¿Porqué o erguerían precisamente naquel lugar e non noutro calquera...? ¡É que non había máis ríos no mundo...? ¿Non correrían máis ríos en lugares isolados e improditivos...? ¡Pois logo! ¿El non pagaba puntualmente a súa contribución? ¿Non era el, e non o fora sempre, un home de ben? ¿Por qué o querían agora despozar dos seus eidos? Ó non poder resolver satisfatoriamente estas preguntas sentía como unha carraxe xorda e moura lle iba nacendo por dentro. Unha forza inesplicábel iba medrando dentro de si. Algo moi estrano que nunca sentira deica agora e que o facía estar contra todo e contra todos. Non hai xusticia no mundo

As augas van caudales, 1965

O noso idioma é a luz

Manuel María identifica o idioma galego como o sinal de identidade nacional que nos diferencia aos galegos. O escritor chairego loitou en todo momento por normalizar a situación da nosa lingua, denunciando coa súa palabra, oralmente e por escrito, a discriminación oficial da mesma, o antigaleguismo de moitas institucións, o papel castelanizador do ensino e dos medios de comunicación, as actitudes antigalegas das clases medias, etc. Mesmo chegou a renunciar ao seu nomeamento de académico da Real Academia Galega por entender que a institución non defendía axeitadamente a nosa lingua. Finalmente, ingresou como académico no ano 2003.

A fala

O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pensar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa.

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ninguén!

O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!

As rúas do vento ceibe, 1979



Los estudantes no Corralo na Coruña



Canto ao idioma galego

Idioma meu, homilde, nidio, popular,
Labrego, suburbial e mariñeiro
que fas avergoñar
ao burgués, ao señorito e ao tendeiro:
levas sangue do pobo
e raigañas escuras
que anuncian un día novo
sen mágoas nin tristuras.
Idioma proscrito,
asoballado,
soterrado,
refugado,
negado
como a pobreza e o delito,
fala do emigrante e do maldito:
soio resoas nos lares
das xentes populares.
¡Ti téis que rexurdir puro,
poderoso, enteiro
para erguer o noso futuro
de pobo absoluto e verdadeiro!

Cantos rodados para alleados e colonizados, 1978

Os símbolos que nos legaron

Lendo a Manuel María podemos aprender boa parte da historia da nosa literatura, e non só a través do ensaio ou do xornalismo, dos que se valeu para darnos a coñecer o seu afinado punto de vista sobre escritoras/es, obras e movementos da historia literaria galega; tamén desde a súa poesía, remedando as formas dos trobadores medievais, continuando liñas poéticas dos nosos clásicos do XIX como Rosalía, Curros ou Lamas, retomando características das vangardas ou homenaxeando nos seus textos a figuras senlleiras da literatura galega como Castelao, Cabanillas, Otero ou Novoneyra.

Galiza e Rosalía

Galiza era unha brétema mollada,
escuridade pecha, sen estrela:
ja lingua estaba murcha, asoballada
e semellaba morta Compostela!

Galiza era monte e máis torrón,
era un ermo lonxano e esquecido:
¡faltáballe a palabra e a canción,
faltáballe atopar o seu sentido!

Galiza era fantasma entre silveiras,
era un misterio apenas revelado:
(¡faltábanlle as palabras verdadeiras
para se poder decatarse do seu estado!)

Galiza era a sardiña, o pan centeio,
a pobreza cuberta polo orballo:
faltáballe unha arela e un anceo,
ja canción do arado e do trasmallo!

A Rosalía, 1971

Cantigas ao mar

O mar de Foz, amiga, de ronseles floridos
polo que navegan os versos máis belidos.
Eu a navegar.

O mar de Foz, amiga, de espumas como rosas
e as ondas namoradas a cantar presurosas.
Eu a navegar.

O mar de Foz, amiga, de gaivotas e navíos
leva por mareas os soños máis esguíos...
Eu a navegar.

O mar de Foz, amiga, de rexos mariñeiros
ten camiños de gozo e camiños tristesos.
Eu a navegar.

E a ría de Foz, amiga, ¡qué leda muiñeira
se a brisa a navega, cantadora e lixeira...!
¡Eu a navegar
tan soio no meu mar!

Versos florecidos en louvanza de Foz, 1967



■ Con outros escritores nunha visita ao poeta Fiz Uergara



■ Con Darío Kohán Cabana, Méndez Ferrín e Uxío Novoneyra

Uxío Novoneyra era un home e un poeta dunha asombrosa enteira moral. A súa conducta irreprochable en defensa das liberdades individuais e colectivas e da dignidade humana foi –e sigue a ser– unha acusación para moitos. Isto explica que non recibira honores nen premios– a non ser no 1999 o “Otero Pedrayo”, convocado polas deputacións– malia a que a súa obra poética mereceu importantes estudos e está traducida a varios idiomas. Mantivo unha fidelidade total a Galicia, á Poesía, ó idioma galego.

Uxío Novoneyra co seu poemario “Os eidos”, marcou un fito na nosa historia literaria. Ademais de descubrir unha patria poética –o Caurel– incorporou a fala caurelá ó noso acervo idiomático e realizou unha fonda e necesaria renovación poética. Partindo da rica tradición da poesía paisaxística –que algunhos trabucan co ruralismo–, tan arraigada e fecunda entre nós –maiormente cultivada polos poetas lugueses– purificouna, limpándoa de toda anécdota e creou unha lírica nova, personal, sobria e contida –en ocasións o poema redúcese a un soio verso– na que a palabra poética acada o seu máximo poder de suxerencia

“Breve noticia de Uxío Novoneyra”, en Amastra-N-Gallar, nº7, verán 2004


Poemas íntimos

Os primeiros textos poéticos de Manuel María están encadrados dentro da corrente poética que se deu en chamar Escola da Tebra e da que formarían parte escritores como M. Cuña Novás, Méndez Ferrín, Alexandre Cribeiro, Raimundo Patiño, Bernardino Graña, Ramón Lorenzo Vázquez ou X.L. Franco Grande.

O contexto socio-político do momento, a opresión que exercía a Ditadura franquista na Galiza da posguerra e a influencia que exerceron movementos de pensamento como o existencialismo ou a literatura do absurdo motivaron esta liña poética na que se aborda o conflito do ser humano ante a vida, na que se buscan respostas ás cuestións esenciais da existencia (a dor, a morte, a busca de Deus), na que aparecen preocupacións de tipo relixioso, etc.



Imaxes da Olla da patria Galega en Santiago con outros escritores da Escola da Tebra como Ferrín, Franco Grande e Ramón Lorenzo



Salmo da miña consumación amarga

Aquí estou desafiándovos co meu gume
de coitelo inspirado.
Vós non tedes alma
nin é para vós este canto.
A miña furia non é o mar apacíbel
-ao que odio:-
é un inferno rebelde
no que se amasan todas as inxustizas.
Non ofrendo a ninguén o meu destino
nin pido agarimos brutais
e nin tan sequera intentei ollar
o sangue fermoso dun galo xoven.
A miña vida é unha locomotora
que vai a toda velocidade
asoballando o meu pobre corazón
de barro quente.
O meu ocio non é unha ferocidade
de morna dor encadeada
nin unha aventura da miña conciencia
cativa e dura.
Se escribo estes poemas
é para poder librarme
deste odio fatal que levo dentro
como unha maldición de Deus omnipotente.
Quixera escribir nun penedo
a miña desesperación de león furioso
para que as campanas
non choren sobor do meu sangue irto
derramado nun inútil sacrificio.

Morrendo a cada Intro, 1952

A paisaxe é fermosa

Unha persoa tan intimamente unida á súa terra tiña que ser á forza alguén extremadamente respectuoso coa natureza. Á súa obra asume desde o primeiro momento a defensa de todos os elementos que conforman a natureza, desde o máis pequeno dos regatos, das árbores, dos ríos...

Demanda a conservación do patrimonio do país: os castros, as ermidas, os cruceiros... Denuncia a todos aqueles que contaminan e envelenan o medio ambiente. Foi, pois, un dos pioneiros do ecoloxismo.

Decídeme, planificadores da morte do antigo engado das cidades, se vos semella que aínda non destragástedes dabondo a media lúa máxica da fermosísima badía de A Coruña feita de azul, luz e cristal e que non tiña posíbel comparación no mundo enteiro. Aconsélovos que rematedes de vez con toda a ría. Así poderedes ir, nos vosos autos importados, dende o castelo de San Antón deica Gandarío e Santa Cruz, lugares apropiados para erguer nucleares, fábricas de cemento, refinerías, vertedoiros de lixo e celulosas:
a única paisaxe que vós merecedes e queredes.

Compendio de orballos e incertezas, 1991



■ No río Miño



■ Nun acto reivindicativo da Plataforma Nunca Más por mor do desastre do Prestige



“Xa sabedes a razón pola que Outeiro de Rei ten catro ríos:

O Miño ou Río Grande.

O Río Ladra.

O Río de Robra, Río Pequeno ou Santa Marta.

E o regato, o último río que apareceu en Outeiro de Rei, que é o máis pequeniño pois aínda non tivo tempo para medrar. Nos mapas e xeografías nas que figura, chámalle río da Barciela. Os de Outeiro de Rei tómoslle un nome familiar: Regato do Cepelo.

E os paxaros –merlos, cucos, petos, laverças, andoriñas- que usan as súas augas para beber, para bañarse e, sobre de todo, para ollarse nelas, puxéronlle un nome secreto: Rego das Regas.

Agora a xente de Outeiro de Rei anda moi leda e fachendosa: a súa tribo ten xa catro ríos como o Paraíso Terreal. Máis non se pode pedir.”

A tribo ten catro ríos, 1991

Canci3ns de amor

O amor inspirou a obra do autor da Terra Ch3: o amor pola natureza, o amor pola paisaxe, o amor por Outeiro de Rei, o amor pola lingua galega, o amor por Galiza... mais o sentimento amoroso ten na vida e na obra de Manuel Mar3a un nome escrito con mai3sculas: SALETA, a s3a musa e compa3eira desde 1956.

Estamos perante un dos escritores que ten un dos cancioneros amorosos m3is completo e ricaz da literatura galega. Desde os primeiros poemas dedicados a un amor ideal, que se concreta na persoa de Saleta no seu poemario *Mar maior*, at3 os *Poemas da labarada estremecida*, a poes3a amorosa estar3 sempre presente na obra do escritor chairego.



■ O día da súa voda con Saleta

A Saleta

Non sei como agradecer tanta tenrura,
tantos d3as usados en com3n,
tantas horas de plenitude,
tanta beleza que enterraches en min,
tanta luz gastada simplemente
en ollarme envellecer: oficio duro,
doente, fatal e inevit3bel.
Eu s3 te3o, para celebrar a t3a
nidia e inmarces3bel primavera,
esta melancol3a se3ardosa
semellante, cecais, a unha camelia
e as palabras murchas e acedas
que intentan florecer nos meus poemas.

A luz resucitada, 1984

Andando lentamente 3 choiva, ao ar
gastando a vida pouco a pouco:
3rev3ntanos nos beizos un salouco,
no peito sepultamos un cantar!

O noso oficio 3 s3 amar, amar, amar,
facer do noso amor ledo relouco,
orballo solermi3o e vento louco,
paix3n incontrol3bel como o mar.

A vida sen amor non ten sentido:
3 un ermo baleiro, unha tristura,
un arrep3o noxento e corrompido.

De feridas de amor eu vou ferido
po3 somentes o amor dura e perdura:
3nada poden contra el odio e olvido!

Poemas da labarada estremecida, 1981





■ Con Saleta nunha viaxe 3 Corcega

O camiño é unha nostalxia

Todas as paisaxes que Manuel María coñeceu están presentes na súa escrita. Os lugares onde viviu: Outeiro de Rei, Lugo, Monforte de Lemos, A Coruña, etc. e as terras que percorreu: case toda a Galiza e moitos outros países (Euskadi, Catalunya, Grecia, Italia, Venezuela...).

Un dos seus logros foi ensinarnos aos galegos boa parte da nosa terra a través dos seus escritos. El era dos que pensaba que para que poidamos valorar outras terras, primeiramente debemos coñecer ben a nosa.



Distintas imaxes de viaxes de Manuel María



Ponte Vecchio de Florencia

Florencia

FLORENCIA, ademais dun fermosísimo nome feminino, é o nome dunha cidade. Deletrear as sílabas da palabra FLORENCIA é como esfoliar unha rosa louzana, esplendorosa e alcendida. Este servidor nunca cometeu tal sacrilexo, embora sexa dito. Dice a palabra FLORENCIA como un nome amado. E ten a esperanza de que en calquera intre esta sonoridade máxica se convirta en ave, frol, acaso nunha maravillosa doncela como Beatriz Portinari a que, un día do medioevo, ollou o Dante cruzando, con leve paso de anduriña, a Ponte Vella. O poeta quedou ferido, sin dúbida de algo máis que de amor, prós días da súa vida. E prós da súa eternidade.

Florencia é unha cidade de cantería e marbre. Os ollos galegos recoñecen na cantería algo propio e amado. Un sospeita si os nosos ósos estarán feitos de cantería o mesmo que o esqueleto da terra carnal na que vivimos, de onde viñemos e pra onde imos. Por eso cando os da nosa tribu chegamos a Florencia identificámonos totalmente con ela, coa súa paisaxe de lanzales, sonoros e escuros alcipreses, moda que se debía implantar en Galicia. O noso paladar amista deseguida cos viños de Chanti. E prós nosos ouvidos non é novidade a música da fala da Toscana nin o marmular do Arno.

Andando a terra, 1977-87

O recoñecemento ao autor

A Manuel María, “labrego con algo de poeta”, como el gustaba de definirse, habería que aplicarlle o dito “do que se sementa é do que se colleita”. A seguir imos citar algúns dos premios e homenaxes, tan merecidos, recibidos polo escritor chairego:

- 1989** A A.C. “Kermolos” de Guitiriz dálle unha homenaxe “Arredor da Terra Cha de Manuel María”
- 1990** O Patronato Curros Enríquez concédelle o premio “Celanova Casa dos poetas”
- 1990** É nomeado Fillo Adoptivo de Monforte de Lemos
- 1994** Recibe o “Pedrón de Ouro” na Casa Museo de Rosalía de Castro
- 1995** Recibe unha Homenaxe dos escritores lucenses
- 1995** A Asociación Socio-Pedagóxica Galega faille unha homenaxe nacional nas XIX Hornadas do Ensino no Teatro Rosalía de Castro da Coruña
- 1996** A Federación de Libreiros de Galicia concédelle o “Premio de autor”
- 1997** A Asociación de Escritores en Lingua Galega organiza en Outeiro de Rei a convocatoria “O escritor na súa terra” en homenaxe a Manuel María.
- 1999** Premio Moncho Ualcarce “Pola Promoción da Terra”
- 2000** É o primeiro escritor ao que se lle dedica o “Día das Letras Chairegas”



■ Na homenaxe da RELG de 1997



■ Homenaxe da BS-PG no teatro Rosalía de Castro da Coruña no 1995

Na voz dos escritores



Marica Campo

E este querer quedarse na paisaxe

Na Terra Chá medida con corazón e alma,
Manuel María, Chaira.

Na saíba dos carballos, na floración do viño,
Manuel María, Río.

No Miño e no Cepelo, parellos na lembranza,
Manuel María, Auga.

No vento, gris paxaro para un voar infindo,
Manuel María, Chío.

No mar desta Fisterra, de sal e xerfa branca,
Manuel María, Vaga.

Na loita proletaria, no latexo irmandiño,
Manuel María, Grito.

Na palabra de pedra, na de mel e na de alba,
Manuel María, Fala.

Na memoria de nós, da Patria no camiño,
Manuel María, Fito.

No amor de Saleta, paixón que non acaba,
Manuel María, Chama.

Na amizade fecunda, no sentimento limpo,
Manuel María, Amigo.

(poema lido na Homenaxe da As-PG celebrada na Coruña)

Rosé María Díaz Castro

Terra Chá

Vaise arrastrando a aurora
sobor da Terra Chá;
dous tordos invisibles
están chía que chía;
unha manta de néboa
quer afogar o día;
van caendo despidas,
unha que outra mazá;
nun mar de terra verde
anégase a mañá,
e ceibase a voar,
tras dunha noite fría,
cheos de orballos os versos
do gran MANUEL MARÍA...

Outono de 1984.

Camilo Gómez Torres

“...dicir Manuel María é dicir honestidade, congruencia, xenerosidade, tolerancia, bondade, sabedoría, autenticidade, firmeza, exemplaridade...; dicir Manuel María é dicir compromiso coa dor, coa anguria, co sufrimento das nosas xentes, labregos, mariñeiros, obreiros, emigrantes...; dicir Manuel María é dicir Outeiro de Rei, Terra Cha, Galiza, nacións oprimidas do mundo...; dicir Manuel María é dicir vento, carpaza, castiñeiro, río, suco, fouce, sementeira, terra, carballo...; dicir Manuel María é dicir paixón, amor e fidelidade a Galiza, centro, móbil, eixo e razón de ser dos seus traballos e dos seus días.”

R. Otero Pedraio

En anel de neve
preso o corazón
de un vello as lembranzas
sempre berce son.

Un rondel de lus
nas serras do alén..
¿Quen chega? | o vento
responde: ¡Ninguén!

¡Ninguén! Eu ben sei
quen chama ao portal:
a doce fantasma
de un vello Nadal.

Voa miña aperta
pra Manuel María
nas neves frolidas
canta a cotovia.

Trasalba 1-I-1953

Manuel María: os traballos e os días

Na voz dos músicos

A poesía de Manuel María semella feita para ser cantada, ten musicalidade de seu, como as cantigas tradicionais do noso pobo. Eis a razón pola que grupos como Fuxan os Ventos, A Quenlla ou cantantes como María Manuela ou Suso Vaamonde musicaron tantos dos seus poemas. A música era, ademais, un medio propicio para divulgar a mensaxe comprometida do escritor chairego, como antes ocorrera cos poemas de Rosalía, Curros, Cabanillas ou Celso Emilio. Algúns destes poemas cantados forman xa parte da nosa tradición oral.

O carro

Non canta na Chá ninguén.
Por eso o meu carro canta.
Canta o seu eixo tan ben
que a señardade me espanta.

Non hai carro tan fermoso:
fino como un asubío.
Anque é, ás vegadas, saudoso,
faise, no ar, rechouchío.

O meu carro é cerna dura:
sábese carballo e freixo.
¡Que fermosa a súa feitura!
¡Que lixeireza a do eixo!

As cousas vanse aledando
por onde o meu carro pasa.
¡Carrétame herba pró gando!
¡Traime a colleita pra casa!

Terra Chá, 1954



■ Cos integrantes de "Voces Ceibes"



■ Con Suso Vaamonde

RECITAL DA
NOVA CANCIÓN GALEGA
XERARDO VICENTE
XAVIER BENEDICTO
DO GRUPO
"VOCES CEIBES"
MIRO GILLERMO
Organizado pola Agrupación Cultural "O GALO"
Presentado polo Poeta MANUEL MARIA
DOMINGO 1.º DE NADAL AS 11,30 DA MAÑA
CINE CAPITOL

Labrego

Toda a miña xente
de labregos foi,
xunguidos á terra
con xugo de boi.

Meu pai é labrego,
tamén meus avós:
¡pasáronse a vida
tripando terrós...!

Meu pai é labrego
labrego naceu,
¡e labra nos eidos
traballando a treu!

Meu pai é labrego,
labrego naceu.
¡Meu pai é labrego
sen terra de seu!

Meu pai é labrego,
labreguño eu son.
¡Pasarei a vida
xunguido ao terrón!

Os soños na galiola, 1972

Na voz do pobo

A obra de Manuel María tivo sempre unha intención didáctica, a de que os galegos e galegas fosen conscientes da súa pertenza a un pobo con historia, que fala un idioma de seu. A súa pegada percorre todos os anos centos de escolas do país, múltiples actos de asociacións culturais, numerosas representacións de compañías teatrais, incontábeis recitais poéticos, etc. Os veciños do Concello de Carral realizan todos os anos, desde 1996, a representación da peza dramática *Abril de lume e ferro* no Campo da Feira da vila de Carral. Nesta peza recóllense os sucesos acontecidos en Galiza no alzamento de 1846, que rematou co fusilamento dos coñecidos como Mártires de Carral, encabezados por Solís. Como o escritor chairego desexaba, a súa obra permanece no pobo.

Miguel Solís

Miguel Solís, lóstrego que viviche o misterioso corazón da tebra cando ardían rosas no teu peito, papoulas, caraveis, margaridas e condecorado estabas coa fría luz de magnolias e camelias. O teu sorriso, luz de lúa alucinada, anunciaba estraños maleficios. Chamábate unha voz irresistible, unha chama que ardía feblemente no segredo da noite.

Era o destino que os deuses che tiñan elixido pois só os eleitos morren novos. Non es máis que esquecemento. Pero o teu nome quedou e quedará escrito, para sempre, nas estrelas.

Oráculo para cavaliños do demo, 1986



■ Representación popular na vila de Carral, de *Abril de lume e ferro*



XUNTA SUPERIOR PROVISIONAL DE GOBERNO DE GALICIA,
en SANTIAGO DE COMPOSTELA.

D. PÍO RODRÍGUEZ TERRAZO, por Santiago.

D. RAMÓN BUCH, por Vigo.

D. XOSÉ MARÍA SANTOS, por Pontevedra.

D. ANTOLÍN FARALDO, Segretario da Xunta.

En representación do Exército: D. MIGUEL SOLÍS

D. LEONCIO RUBÍN DE CELIS

TERRAZO.- Esta XUNTA SUPERIOR PROVISIONAL DE GOBERNO DE GALICIA, despois de ter esaminada e valorada a conducta revolucionaria e os sacrificios feitos a prol de Galicia e da Revolución, acordou ascender a MARISCALES DE CAMPO, a D. MIGUEL SOLÍS Y CUETOS e a D. LEONCIO RUBÍN DE CELIS.

RUBIN.- Moi agradecido e honrado por tal distinción.

SOLÍS.- Señores da Xunta: agradezo a súa benevolencia e xenerosidade cara a miña persoa. Xa que as necesidades presentes así o esixen aceto este nomeamento de MARISCAL DE CAMPO, por espírito de disciplina, mais coa condición de voltar ó meu emprego e graduación de Comandante unha vez teñamos acadado o trunfo definitivo, que non tardará.

TERRAZO.- Mais, meu Comandante...

SANTOS.- Nós pregámoslle, amigo Solís.

BUCH.- É preciso que acete.

Abril de lume e ferro, 1989

Na memoria de Galiza

A palabra de Manuel María permanece:

Na romaría de Santa Isabel de Outeiro de Rei, cada primeiro domingo de xullo

O Día da Patria Galega en Santiago, cada 25 de xullo

Na Feira e Festa da Música e da Arte, que organiza desde 1979 en Pardiñas, Guitiriz, a A.C. "Kermolos", cada primeiro domingo de agosto

Nas Hornadas do Ensino de Galiza, que a RS-PG organiza desde 1977, en diversas cidades e vilas galegas

Nos encontros Galeuzca de escritores vascos, cataláns e galegos, celebrados desde 1984 alternativamente nunha cidade das tres nacións

Nos Congressos de Escritores Galegos, organizados pola AELG desde 1981...

Na memoria do pobo galego...

Manuel María, poeta nacional, permanece.



Ode á beleza da palabra

**Todo muda. Somentes a palabra
permanece, na súa infinitude,
se leva dentro de si a chama
que un día, queimou, con
lúcida paixón e con verdade,
a desolada flor da nosa vida**

As lúcidas lúas do Outono, 1988



Organiza:



asociación de escritoras
en lingua galega



A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

Colabora:

